


# O abismo de neve de Lucía Novas

Publicado o **14/02/2011**

Hai na poesía de Lucía Novas unha delicadeza extrema que envolve os seus versos dun levísimo e dondo cendal onde todo semella muselina. Esa seda versal ondeaba vaporosa no seu primeiro poemario, *Epiderme do estío* (2001), e volve agora aveludar as páxinas do seu novo libro, *Neve*, XIII Premio de Poesía Johán Carballeira editado por Espiral Maior.



Os de Novas son poemas de cerimonia do té. Versos albos, de natureza floral rebordante e xardíns da memoria abandonados. As folerpas cobren as ruínas, os froitos, o horizonte, as árbores. Hai, xaora, bálsamos de amor, mais tamén felonías que tinguen de rubio intenso a neve inmaculada.

En *Neve* os solpores están inzados de simbólicos corzos que perseguen imaxinarios cazadores nunha dialéctica sensoerótica de selo propio. Os fulgores, os pavillóns, as aves, os armiños e as noites contemplan, nunha particularísima percepción do pasar do Tempo, os infindos falopares.

Atenta ás moradías do vento de Taramancos e, sobre todo, á súa premonitoria e mortal fuxida a Harar, as imaxes de Novas trazan con sutilísimo pincel unha caligrafía orientalizante na que a pupila dos xardíns de cerdeiras nevados de Kurosawa e a estética de Sei Shonagon informan unha escrita tantas veces haikai e sempre de algodonado misterico e estacional.

A recreación dun universo níveo mais con físgoas propicias ao fascinio da floración fan da corentena de composicións reunidas neste libro un admirable exemplo da loita de contrarios, da pugna eterna entre o pulo vital simbolizado polo renacer vexetal e a soidade, o desamparo e a orfandade que cae sobre de nós en forma de nevarada.

Dividido en sete seccións, o poemario de Novas presenta unha estrutura interna perfectamente deliñada na que se nos vai levando da man dende a beleza calma do “Xardín” inicial ata o augurio témero da “Premonición”, que converte os verxeis en “Xardíns abandonados”, necesitados, xa que logo, de “O bálsamo” sandador do cor, tras o cal a “Viaxe” de iniciación está servida e o “Soño” remansa en augas silenciosas ante a chegada de “O cazador”, para que todo volva ao “Círculo” do sentido e adquiramos conciencia de “A felonía”.

Fáganme caso, déixense inundar polo abismo de neve que Lucía Novas nos propón, permitan que os invada a lasitude dese tempo inmóbil de interiores ermos e desolados, de atmosferas transparentes e baldías que mainamente quecen á calor do lar caldeado, da luz da flor que se abre paso entre os rigores da invernia. Neve de Lucía Novas: caricia en tempo de conforto e astrolabio que guía ata a fin.

[Publicado nos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*, 13-2-2010]